



# BOP

LUNS, 28 DE SETEMBRO DE 2020

N.º 223

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### BARREIROS

##### *Anuncio*

#### CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA O SERVIZO DE AUGAS MUNICIPAL DE BARREIROS

Pola Xunta de Goberno Local do 15 de setembro de 2020 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas vacantes no servizo de augas municipal de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal ([barreiros.sedelectronica.es](http://barreiros.sedelectronica.es)) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello [www.concellodebarreiros.com](http://www.concellodebarreiros.com) e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

En Barreiros, 21 de setembro de 2020.- **A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.**

R. 2211

### A FONSAGRADA

##### *Anuncio*

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro de 2020, fanse públicas as bases para a creación dunha bolsa para a provisión con carácter temporal dun posto de auxiliar administrativo ao abeiro do Programa de fomento do emprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada. En caso de presentar a solicitude por outros medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán remitir comunicación por fax ao Concello (982340001) dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org))

A Fonsagrada, 23 de setembro de 2020.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2248

##### *Anuncio*

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro de 2020, fanse públicas as bases para a creación dunha bolsa para a contratación con carácter temporal de condutor de motoniveladora, oficiais de primeira - maquinistas e oficiais de primeira- albaneis ao abeiro do Programa de fomento do emprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada. En caso de presentar a solicitude por outros medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán remitir comunicación por fax ao Concello (982340001) dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org))

A Fonsagrada, 23 de setembro de 2020.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2249

## MONTERROSO

### *Anuncio*

#### **Información Pública**

O Pleno realizado en sesión extraordinaria o pasado 11 de setembro adoptou entre outros o seguinte acordo:

“De conformidade con canto se establece polo artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo 225 da Lei de administración local de Galicia e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os membros das Corporacións locais poden recibir con cargo ó orzamento municipal as indemnizacións que nesas normas se establecen.

O Pleno do Concello acordou:

**PRIMEIRO.-** Establecer as seguintes indemnizacións:

1º.- **ASISTENCIAS:** Os señores concelleiros que non teñan dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, as indemnizacións por sesión seguintes:

- Pleno: 60 €.

- Xunta de Goberno Local: 120 €.

- Comisión Especial de Contas: 60 €.

Cando as sesións se celebren unha a continuación de outra, devengarase asistencias tan so por unha delas.

2º.- **GASTOS DE LOCOMOCIÓN:** Os señores concelleiros recibirán nos supostos de viaxes oficiais, tanto dentro do termo municipal coma fora do mesmo, a cantidade de 0,19 euros (dezanove céntimos) por quilómetro percorrido.

3º.- **AXUDAS DE CUSTO:** Os señores concelleiros e o Alcalde- Presidente recibirán axudas de custo nas seguintes contías.

A.- Por servizos fóra do municipio: Devengarase as establecidas con carácter xeral na lexislación sobre indemnizacións por razón do servizo.

B.- Por servizos no termo municipal: Dentro do termo municipal somentes se devengarán gastos de locomoción por viaxes oficiais, realizado en vehículo propio. Non se devengarán axudas de custo.

**SEGUNDO.-** A xustificación das indemnizacións farase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a.- Gastos de locomoción: Declaración responsable do membro da corporación na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar, motivo do desprazamento e vehículo empregado.

Cando non se empregue vehículo propio abonarase a correspondente factura de Auto-Taxi, ou do medio de transporte empregado

b.- Manutención: Declaración responsable do membro da corporación na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar e servizo ou actividade desenvolvida.

Somentes se terá dereito a comida cando o servizo prestado ou a actividade desenvolvida teña unha duración mínima de cinco horas, con comezo antes das catorce horas e remate despois das dezaseis horas.

c.- Aloxamento e asimilados (parquing, e desprazamentos sen vehículo propio): Á declaración responsable antes reseñada para devengar dieta por aloxamento, deberá de unirse a correspondente factura do establecemento e, no seu caso, do medio de transporte empregado.

TERCEIRO.- As subvención aos Grupos Políticos Municipais queda según o establecido no acordo plenario de data 22.08.2019.

Os Grupos, de conformidade con canto se establece polo artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, deberán levar unha contabilidade específica destas aportacións, téndoa á disposición do Pleno cando sexa requirida. “

Monterroso, 21 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2212

---

### Anuncio

#### Información pública

O Pleno realizado en sesión extraordinaria o pasado 11 de setembro de dous mil vinte adoptou entre outros o seguinte acordo:

“Visto que con data 07.09.2020, por Providencia de Alcaldía, iniciouse do expediente de recoñecemento de dedicación exclusiva ou parcial aos membros da Corporación.

Visto que con data se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 08.09.2020 a Alcaldía elaborou una memoria-proposta respecto diso.

Visto que se emitiu informe por Intervención acerca da existencia de consignación suficiente e axeitada no Orzamento municipal vixente para atender ás retribucións dos cargos propostos.

O Pleno da Corporación adoptou o acordo seguinte:

**PRIMEIRO.** Determinar que os cargos de alcaldía e concelleiro de Medio Ambiente, parques e xardíns, xestión da área recreativa da Peneda, GES, limpeza viaria, alumeadado público, feiras e mercados e Urbanismo e concelleiro de Obras e infraestruturas, Medio rural e incendios, Desenvolvemento industrial e dinamización económica realicen as súas funcións en réxime de dedicación total e parcial polos seguintes motivos: no caso da sra. Alcaldesa pola súa dedicación total ao cargo (100 %) que desempeña sen ocupar outro cargo ou profesión retribuída e no suposto das dúas dedicacións parciais dun 60% respecto do total da xornada laboral debendo ter una presenza efectiva mínima no Concello de 22,5 horas semanais.

**SEGUNDO.** Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

-O cargo de alcaldesa, percibirá una retribución mensual bruta de 2.500 €.

**TERCEIRO.** Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial (60%), as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de concelleiro de Medio Ambiente, parques e xardíns, xestión da área recreativa da Peneda, GES, limpeza viaria, alumeadado público, feiras e mercados e Urbanismo, percibirá una retribución mensual bruta de 1.500 €.

— O cargo de concelleiro de Obras e infraestruturas, Medio rural e incendios, Desenvolvemento industrial e dinamización económica, percibirá una retribución mensual bruta de 1.500 €.

**CUARTO.** Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://monterroso.sedelectronica.es>].

**QUINTO.** Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos”

Monterroso, 21 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2213

---

*Anuncio***Información pública**

No Pleno do Concello realizado o pasado 11 de setembro adoptouse entre outros o seguinte acordo:

Visto o establecido polo artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e no artigo 78.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O Pleno do Concello acorda:

**Primeiro.-** Que o pleno do Concello realice unha sesión ordinaria cada dous meses, nos meses pares do ano, empezando a primeira no mes de outubro.

**Segundo.-** Que as sesións ordinarias do pleno do Concello se realicen o último martes do mes que corresponda, ás vinte e trinta horas.

**Terceiro.-** A convocatoria das sesións ordinarias realizaranse acordo co establecido na lexislación vixente no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de réxime de bases de administración local.

Se o día sinalado para celebrar a sesión ordinaria fose festivo, a sesión realizarase o día hábil anterior ou seguinte.

Monterroso, 22 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2214

---

*Anuncio***Información pública**

No Pleno do Concello realizado o pasado 11 de setembro de dous mil vinte adoptouse entre outros o seguinte acordo:

O artigo 20 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, establece que a organización municipal responde ás seguintes regras:

a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o pleno existe en tódolos concellos.

b) A xunta de goberno local, existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o pleno do seu concello.

Igual regulación se establece polo artigo 59.2.b) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A experiencia acumulada ó longo destes anos de funcionamento da xunta de goberno local, aconsella a esta alcaldía propoñe-la súa continuidade como órgano de asesoramento permanente do alcalde e órgano colexiado executivo do concello, coas competencias que nesta se deleguen, tanto por parte do pleno coma da alcaldía.

En consecuencia o Pleno do Concello, ó abeiro do previsto no artigo 20.1.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, acorda:

**PRIMEIRO.-** Crear a xunta de goberno local como órgano colexiado con funcións asesoras da alcaldía e coas funcións executivas nas competencias que nesta se deleguen,

**SEGUNDO.-** Nomear como membros da Xunta de Goberno Local, para o suposto da súa creación polo Pleno, aos seguintes concelleiros;

-Presidenta; a sra. Alcaldesa

-Membros; D. Eloy Pérez Sindín, D. Luis Mariño Castro, D. Marcos Otero Ouro

Monterroso, 22 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2215

---

*Anuncio***Información pública**

No Pleno do Concello realizado o pasado 11 de setembro de dous mil vinte adoptouse entre outros o seguinte acordo:

Según o previsto no artigo 22.4º da Lei 7/85, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local na súa redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e Lei 8/2007, de 28 de maio, O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no apartado 2, parágrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no apartado 3 deste artigo. En semellantes termos exprésase o artigo 64.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Logo de examinar as normas antes citadas e o artigo 51 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, nos seus parágrafos 1º, 2º e 3º, o pleno do concello acorda:

Primeiro.- Delegar na xunta de goberno local a totalidade das atribucións delegables do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa vixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quorums que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Segundo.- A delegación de competencia refírense, en todas as materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola xunta de goberno local poñerán fin á vía administrativa.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Cuarto.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade con canto se establece polo artigo 13.3.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro e no 51.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Monterroso, 22 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2216

## MURAS

### Anuncio

#### MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Vista a Resolución 2020-0095 de 16.03.2020 na que aprobaba a lista de aspirantes admitidos para participar na convocatoria para a selección dun/ha traballador social no Concello de Muras e o nomeamento do tribunal xulgador.

Visto que polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma sanitaria dita convocatoria quedou paralizada.

Considerando que nestes momentos pódense realizar as probas selectivas con suficientes garantías xa que Concello conta con varios locais para poder situar aos aspirantes separados garantindo que en ningún momento haberá máis de dez persoas xuntas e cumprindo as correspondentes distancias de seguridade.

De acordo co establecido na base 6ª da convocatoria, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.**- Sinalar como data para realizar a primeira das probas da fase de oposición o **día 9 DE OUTUBRO DE 2020 as 11:00 horas** no Local Social do Concello de Muras, sita en Avda. Unión Murense en Muras, para o cal quedan citados tódolos aspirantes admitidos. Ese mesmo día se lles comunicará aos aspirantes a data da realización da segunda proba; data que será publicada no taboleiro de Edictos do Concello e na súa páxina web.

**SEGUNDO.**- Convocar aos membros do tribunal xulgador o día 9 de outubro de 2020 ás 10.00 horas para súa constitución.

**TERCEIRO.**- Todos os aspirantes deberán levar mascarilla obrigatoria correctamente posta. No interior da aula, unha vez sentados todos os aspirantes e garantida unha separación corporal de alo menos 1,5 metros, os aspirantes NON poderán retirar a súa mascarilla. Na sala na que se realicen exames se disporá un dispensador de xel hidro - alcohólico para o seu uso ao acceder a aula. Durante a celebración do exame os aspirantes seguirán as instrucións dos membros do tribunal. Durante a celebración do exame non se permitirá o intercambio de material entre os aspirantes: bolígrafos, lápices, gomas.... Cada aspirante utilizará o material co que acudirá a realizar as probas. Igualmente **os membros do tribunal non facilitarán ningún material aos aspirantes**, a excepción das follas do examen.

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 23 de setembro de 2020.- Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D<sup>a</sup> Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo)

R. 2250

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA**

#### **MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de As Nogais do día 03/08/2020 de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

O texto íntegro da devandita modificación faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

##### **Artigo 1.- Feito imponible.**

1.- O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal, directo e de carácter real, cuxo feito imponible é o mero exercicio, en o territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas.

2.- Considéranse, a os efectos de este imposto, actividades empresariais as de gandaría independente, as mineiras, industriais, comerciais, e de servizos.

##### **Artigo 2.- Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35 de a Lei Xeral Tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

##### **Artigo 3.- Responsables**

Serán responsables solidarios ou subsidiarios da débeda tributaria, xunto aos debedores principais, as persoas ou entidades a que se refiren os artigos 42 e 43 de a Lei Xeral Tributaria.

##### **Artigo 4.- Exencións**

1.- Están exentos do imposto:

A) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os Organismos autónomos do Estado e as Entidades de Dereito Público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.

B) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de a súa actividade, durante os dous primeiros períodos impositivos de este imposto en que se desenvolva a mesma. A estes efectos, non se considerará que se produciu o inicio do exercicio de unha actividade, cando a actividade desenvolveuse anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá que concorre, entre outros supostos, en os casos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

C) Os seguintes suxeitos pasivos:

➤ As persoas físicas.

➤ Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades e as entidades do artigo 33 de a Lei Xeral Tributaria que teñan un importe neto de a cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros en o exercicio anterior.

➤ En canto aos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de Non Residentes, a exención só alcanzará aos que operen en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto de a cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros en o exercicio anterior.

A efectos de a aplicación de a exención prevista nesta letra, teranse en conta as seguintes regras:

1º) O importe neto de a cifra de negocios determinarase de acordo co previsto no artigo 149 do Texto refundido de a Lei de Sociedades Anónimas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1564/1989, de 22 de decembro.

2º) O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades ou dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de Non Residentes, o do período impositivo cuxo prazo de

presentación de declaración por devanditos tributos finalízanse o ano anterior ao de deveción deste imposto. No caso das sociedades civís e as entidades que se refire o artigo 33 de a Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral Tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ao penúltimo ano anterior ao de deveción de este Imposto. Se devandito período impositivo tivese unha duración inferior ao ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

3º) Para o cálculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo, terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas polo mesmo.

Sen embargo, cando a entidade forme parte de un grupo de sociedades en o sentido do artigo 42 do Código de Comercio, o importe neto de a cifra de negocios referirase ao conxunto de entidades pertencentes ao devandito grupo. Aos efectos de o disposto en o parágrafo anterior, entenderase que os casos do artigo 42 do Código de Comercio son os recolleitos na Sección 1ª do Capítulo I das normas para formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas por Real Decreto 1159/2010, de 17 de setembro.

4º) No suposto dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de Non Residentes, atenderase ao importe neto de a cifra de negocios imputable ao conxunto de os establecementos permanentes situados en territorio español.

D) As Entidades xestoras de a Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas por o texto refundido de a Lei de Ordenación e supervisión de os seguros privados, aprobado por Real Decreto Legislativo 6/2004, de 29 de outubro.

E) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en todos os seus graos custeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en todos os seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveren en réxime de concerto educativo, mesmo se facilitasen aos seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles prestasen os servizos de media pensión ou internado e aínda que por excepción vendan en o mesmo establecemento os produtos dos talleres dedicados a devandito ensino, sempre que o importe de devandita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, destínese, exclusivamente, á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.

F) As Asociacións e Fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistenciais e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos de os talleres dedicados a devanditos fins, sempre que o importe de devandita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, destínese exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.

G) A Cruz Vermella española.

H) Os suxeitos pasivos a os que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.

I) As entidades sen fins lucrativos a que se refire o artigo 7 de a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e de os incentivos fiscais ao mecenado, sempre que comuniquen ao Concello de Toledo que se acolleron ao réxime fiscal especial establecido no Título II de devandita Lei, no prazo e na forma que reglamentariamente se estableza.

2.- Os suxeitos pasivos aos que se refiren as letras A), D) G) e H) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na Matrícula do Imposto.

3.- Para a aplicación da exención prevista no parágrafo C) do apartado 1 anterior, o Ministro de Facenda establecerá os supostos en que se esixirá a presentación, ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, dunha comunicación na que se faga constar que se compren os requisitos establecidos en a letra citada. Dita obrigación non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes por o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Os suxeitos pasivos que apliquen a exención prevista no parágrafo B) do apartado 1 anterior presentarán a comunicación, no seu caso, ao ano seguinte ao posterior ao comezo da súa actividade; o contido, o prazo e a forma de presentación dita comunicación, así como os supostos en que haberá de presentarse por vía telemática, serán establecidos por o Ministro de Facenda.

4.- As exencións previstas en as letras E) e F) do apartado 1 de este artigo terán carácter rogado e concederanse, cando cumpran, a instancia de parte.

A solicitude das exencións ás que se refire o parágrafo anterior, débese presentar xunto coa declaración de alta no Imposto na Administración tributaria do Estado, quen a remitirá a este Concello aos efectos do artigo 9 do Real Decreto 243/1995. O acordo por o cal se accede á petición fixará o exercicio desde o cal o beneficio fiscal enténdese concedido.

As exencións ás que se refire este apartado que sexan solicitadas antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos desde o inicio do período impositivo á que se refire a solicitude, sempre que na data do deveción do tributo concorran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

### Artigo 5.- Bonificacións e reducións

1.- Sobre a cota tributaria do Imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

As cooperativas, así como as unións, federacións e confederacións das mesmas e as sociedades agrarias de transformación, terán a bonificación prevista en a Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

### Artigo 6. Cota de tarifa

A cota de tarifa será a resultante de aplicar as Tarifas e Instrución do Imposto aprobadas por Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, e polo Real Decreto Legislativo 1259/1991, de 2 de agosto.

### Artigo 7. Coeficiente de ponderación

De acordo co que prevé o artigo 86 TRLRHL, sobre as cotas municipais fixadas nas Tarifas do Imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

Devandito coeficiente determinarase de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros)	Coeficiente
Desde 1.000.000,00 até 5.000.000,00	1,29
Desde 5.000.000,01 até 10.000.000,00	1,30
Desde 10.000.000,01 até 50.000.000,00	1,32
Desde 50.000.000,01 até 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Aos efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto de a cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo coo previsto na letra C) do apartado 1 do artigo 4 desta Ordenanza.

O coeficiente correspondente á fila "Sen cifra neta de negocio", aplicarase:

a) Para a determinación de a cota ponderada correspondente a actividades realizadas por suxeitos pasivos non residentes sen establecemento permanente.

Naqueles casos en que o Concello careza do dato; cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria facilite dita información, practicarase a regularización correspondente.

### Artigo 8. Período impositivo e deveso

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, nese caso abarcará desde a data de comezo da actividade até o final do ano natural.

2. O imposto devéñase o primeiro día do período e as cotas serán irreducibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e en o caso de baixa por cesamento n o exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza devandito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

3. Nas actividades de servizos de espectáculos e de promoción inmobiliaria, devengarase o 1 de xaneiro de cada ano a parte da cota correspondente aos metros vendidos ou espectáculos celebrados no exercicio anterior. No caso de cesamento na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

### Artigo 9. Xestión

Compete á Administración Tributaria do Estado a formación da Matrícula do Imposto, a cualificación das actividades económicas, o sinalamento das cotas correspondentes e, en xeral, a xestión censal do tributo.

A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria levarase a cabo por este Concello e comprenderá as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se



interpoñan contra devanditos actos e actuacións para a información e asistencia ao contribuínte referidas ás materias comprendidas neste parágrafo.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

##### **Única. Modificacións do Imposto**

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre actividades económicas aprobada definitivamente polo Pleno do concello das Nogais o 7 de outubro de 2019 e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello das Nogais, con data de 3 de agosto de 2020, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

As Nogais, 22 de setembro de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Nuñez Díaz.

R. 2217

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA**

#### **MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de As Nogais do día 03/08/2020 de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras

O texto íntegro da devandita modificación faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

##### **ARTIGO 1. Fundamento Legal**

Esta Entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 15.1 en concordancia co artigo 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 100 a 103 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

##### **ARTIGO 2. Natureza Xurídica e Feito Impoñible**

O Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras é un tributo indirecto cuxo feito impoñible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de comunicación previa e declaración responsable, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

##### **ARTIGO 3. Construcción, Instalación e Obras Suxeitas**

Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao Imposto todas aquelas cuxa execución implique a realización do feito impoñible definido no artigo anterior, e en particular as seguintes:

As construcións, instalacións e obras cuxa execución implique a realización do feito impoñible, tales como:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.

- d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das leiras na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera eliminación do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou arranxo do que puidese estragarse coas calas mencionadas.
- f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valos, as estadas e as estadas de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa o seu emprazamento.
- i) Os usos ou instalacións de carácter provisional.
- j) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valos que teñan publicidade ou propaganda.
- k) As instalacións subterráneas dedicadas aos aparcadoiros, ás actividades industriais, mercantís ou profesionais, aos servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- l) A realización de calquera outras actuacións establecidas polos Plans de ordenación ou polas Ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

#### **ARTIGO 4. Exencións**

Estará exenta a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou a Entidade local que, estando suxeita, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

#### **ARTIGO 5. Suxeitos Pasivos**

Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice a construción, instalación ou obra.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

#### **ARTIGO 6. Base Impoñible**

A base impoñible deste Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Para a determinación da base terase en conta a natureza da obra segundo os seguintes apartados:

**A.- OBRAS MENORES:** Constituirá base impoñible o valor comprobado polos Servizos Técnicos Municipais segundo a Base de Prezos Oficial da Construción de Galicia, a Base de Datos Agroforestal de Galicia e outras que resulten de aplicación.

No caso de obras sobre instalacións de electricidade, fontanería, saneamento e/ou calefacción, achegarase orzamento detallado asinado e selado polo instalador.

**B.- OBRAS MAIORES:** Constituirá base impoñible o valor que figure no proxecto visado polo Colexio Oficial correspondente e que se deberá acompañar coa solicitude de licenza.

Non forman parte da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

#### **ARTIGO 7. Cota Tributaria**

A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo de gravame que se fixa no 4%.

**ARTIGO 8. Devindicación**

O Imposto devindícase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivo a correspondente licenza.

**ARTIGO 9. XESTIÓN**

O Imposto esixirase en réxime de autoliquidación, segundo os seguintes apartados:

a) Cando se conceda a licenza preceptiva, practicarase unha autoliquidación provisional segundo o modelo facilitado para ese efecto polo Concello, no prazo dun mes dende a concesión de licenza, determinándose a base impositiva en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que este fose visado polo Colexio oficial correspondente.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo dun mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva.

b) Cando se presente a declaración responsable ou a comunicación previa, practicarase unha autoliquidación provisional segundo o modelo facilitado para ese efecto polo Concello, no prazo dun mes desde a presentación da declaración responsable ou comunicación previa, determinándose a base impositiva segundo o especificado no artigo 6 desta ordenanza.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo dun mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva.

c) Cando se inicie a construción, instalación ou obra, non solicitándose, concedido ou denegado aínda licenza ou sen presentarse declaración responsable ou comunicación previa, poderase practicar unha autoliquidación provisional no prazo de tres meses, a contar desde o momento da devindicación, determinándose a base impositiva segundo o especificado no artigo 6 desta ordenanza.

Este pago non presupón unha concesión de licenza.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo de dun mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva.

**ARTIGO 10. Comprobación e Investigación**

A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

**ARTIGO 11. Réxime de Infraccións e Sancións**

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

As modificacións que se introduzan na regulación do Imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outras Leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

**DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Esta ordenanza deroga expresamente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras publicada no BOP nº 51 do 3 de marzo de 2018 e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de As Nogais con data 3 de agosto de 2020, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

As Nogais, 22 de setembro de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Nuñez Díaz.

R. 2218

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

**MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de As Nogais do día 03/08/2020 de modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O texto íntegro da devandita modificación faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

#### **ARTIGO 1. Fundamento Legal**

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 59 e os artigos 60 a 77 e Disposición Transitoria Décimo oitava do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a regulación do Imposto sobre Bens Inmobles, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 60 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, no Real Decreto 417/2006, de 7 de abril polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, e no artigo 8 do Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Será igualmente de aplicación o disposto nas disposicións de rango legal ou regulamentario ditadas en desenvolvemento da devandita Lei nas que non existe na presente Ordenanza Fiscal tratamento pormenorizado.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

#### **ARTIGO 2. Feito Impoñible**

O feito impoñible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os bens inmobles de características especiais, dos seguintes dereitos:

1. De concesión administrativa sobre un ben inmovible ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.
2. Dun Dereito Real de superficie.
3. Dun Dereito Real de usufruto.
4. Do dereito de propiedade.

A realización dun dos feitos impoñibles descritos no parágrafo anterior, pola orde establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás seguintes modalidades previstas.

Terán a consideración de bens inmobles rústicos, bens inmobles urbanos e bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro inmobiliario.(Artigos 6 ao 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo. E en relación cos bens inmobles de características especiais, o artigo 23 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario).

#### **ARTIGO 3. Suxeitos Pasivos**

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto. En virtude do artigo 39 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no caso en que resulte acreditado documentalmente que, o suxeito pasivo do imposto non coincide con ningún dos titulares catastrais que figuran no Padrón do exercicio correspondente, ou ben que aínda que coincide cun titular que figura no Padrón, faino por un dereito distinto ao que determina a suxeición ao imposto sobre bens inmobles, as entidades que xestionen o citado imposto sobre bens inmobles estarán obrigadas a remitir á Xerencia ou Subxerencia do Catastro que sexa competente, por razón do ámbito territorial en que se atopen localizados os bens inmobles afectados, información sobre as rectificacións que acordasen como consecuencia da emisión de listas comprobatorias, documentos de ingreso e xustificantes de pago.

Dita información remitirase mensualmente, antes do día 20 do mes posterior á data en que se practiquen as liquidacións que correspondan.

No caso de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello repercutirá a totalidade da cota líquida do Imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

O substituto do contribuínte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción aos canons que deban satisfacer cada un deles.

**ARTIGO 4. Garantías.**

Nos casos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impositivo deste imposto, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 79 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5. Responsables**

Nos casos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impositivo, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os Notarios solicitarán información e advertirán aos comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ao inmovible que se transmite.

Responden solidariamente da cota deste Imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixírase por partes iguais en todo caso.

**ARTIGO 6. Supostos de non Suxeición**

Non están suxeitos a este Imposto:

- a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.
- b) Os seguintes bens inmobles propiedade dos Municipios en que estean enclavados:
  - Os de dominios públicos afectos a uso público.
  - Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.
  - Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

**ARTIGO 7. Exencións****SECCIÓN PRIMEIRA. Exencións de Oficio**

Estarán exentos de conformidade co artigo 62.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os seguintes bens inmobles:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penais, así como os do Estado afectos á Defensa Nacional.
- b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.
- c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos Acordos de Cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.
- d) Os da Cruz Vermella Española.
- e) Os inmobles aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus Organismos oficiais.
- f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
- g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios situados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalaría, espectáculos, comerciais e de espaxamento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

**SECCIÓN SEGUNDA. Exencións de Carácter Rogado**

Previa solicitude do interesado, estarán exentos:

- a) Os bens inmobles que se destinen ao ensino por Centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de Concerto educativo, en canto á superficie afectada ao ensino concertado. Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no Rexistro Xeral a que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da devandita Lei.

Esta exención alcanzará aos bens urbanos situados dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, que reúnan as seguintes condicións:

1. En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de plan urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

2. En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Plan para o Desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.

c) A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitos a proxectos de ordenación ou Plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de quince anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

Establécese unha exención do Imposto, a favor dos bens dos que sexan titulares os Centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos devanditos Centros.

A concesión da exención requirirá a previa solicitude do interesado na que se relacionen, con indicación da súa referencia catastral, os bens para os que se solicita a exención e se xustifique a titularidade do mesmo polo Centro sanitario, e a súa afección directa aos fins sanitarios dos devanditos Centros.

Gozarán así mesmo de exención:

a) Os inmobles de natureza rústica, cuxa cota líquida sexa inferior a 3 €. A estes efectos, tomarase en consideración a cota agrupada que resulte de reunir nun só documento de cobro todas as cotas deste Imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitios nun mesmo Municipio, de acordo co disposto no artigo 77.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

b) Os inmobles de natureza urbana, cuxa cota líquida sexa inferior a 3 €.

#### **ARTIGO 8. Base Impoñible**

A base impoñible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ao disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

#### **ARTIGO 9. Base Liquidable**

A base liquidable será o resultado de practicar na base impoñible a redución, que no seu caso, legalmente corresponda.

A base liquidable notificarase conxuntamente coa base impoñible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ao inmovible, así como dos importes da devandita redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral neste Imposto.

Nos procedementos de valoración colectiva a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do Catastro e recorrible ante os Tribunais Económico-Administrativos do Estado.

Cando se produzan alteracións de termos municipais e mentres non se aprobe un novo Relatorio de Valores, os bens inmobles que pasen a formar parte doutro Municipio manterán o mesmo réxime de asignación de bases impoñibles e liquidables que tivesen no de orixe.

#### **ARTIGO 10. Cota Tributaria**

A cota íntegra deste Imposto será o resultado de aplicar á base liquidable tipo de gravame.

A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas na presente Ordenanza.

#### **ARTIGO 11. Tipo de Gravame.**

1. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de natureza urbana serán do 0,5 %.
2. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de natureza rústica serán do 0,3%.
3. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de características especiais serán do 1,3 %.

#### **ARTIGO 12. Bonificacións**

1. Establécese as seguintes bonificacións:

a) As vivendas de protección oficial e as que resulten equivalentes a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.

A solicitude desta bonificación realizaraa o interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e producirá efectos, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite. Á solicitude acompañarase de certificado da cualificación definitiva como vivenda de protección oficial e documentación xustificativa da titularidade da vivenda.

b) Establecer unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto, ao que se refire o artigo 153 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a favor dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

A solicitude desta bonificación realizaraa o interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e producirá efectos, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

c) Establécese unha bonificación do 90% da cota íntegra do Imposto a favor daqueles suxeitos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, sempre que se reúnan os seguintes requisitos:

1. O ben inmovible sexa constituído como vivenda habitual do suxeito pasivo.
2. Que os ingresos anuais do suxeito pasivo non superen os 30.000 €.
3. Que o valor catastral do ben inmovible sexa inferior a 70.000 €.

A solicitude de bonificación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Escrito de identificación do inmovible e documento acreditativo da titularidade do inmovible.
- Certificado de familia numerosa.
- Certificado do Padrón Municipal.
- Fotocopia da última declaración do Imposto sobre o IRPF, excepto nos casos nos que o suxeito non estea obrigado a presentar tal declaración.

O prazo de goce desta bonificación será de 5 anos. Non obstante, o suxeito pasivo poderá solicitar a prórroga do prazo dentro do ano no que o mesmo finalice, sempre que continúen concorrendo os requisitos regulados neste apartado.

A bonificación retirarase, de oficio, o ano inmediatamente seguinte a aquel no que o suxeito pasivo cese na súa condición de titular de familia numerosa ou deixe de concorrer calquera dos requisitos esixidos.

d) Establécese unha bonificación potestativa do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmovibles rústicos nos que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias socioeconómicas, regulada no artigo 74.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O suxeito pasivo deberá solicitar expresamente a bonificación e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude. Xunto coa solicitude deberán presentar a seguinte documentación:

- Inscripción da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).
- Cando o suxeito pasivo non sexa o titular da actividade agraria, gandeira ou forestal, declaración responsable do titular da mesma conforme se está desenvolvendo a actividade e que esta é a única actividade económica que se desenvolve no inmovible obxecto da bonificación, así como certificado de facenda no que conste a súa situación censal.
- Declaración responsable do suxeito pasivo conforme a actividade agraria, gandeira ou forestal é a única actividade económica que se desenvolve no inmovible obxecto da bonificación.
- Certificación catastral do inmovible con indicación do titular.
- Certificado do suxeito pasivo de non ter débedas coa Axencia Tributaria, coa Facenda autonómica e local nin coa Seguridade Social.
- Documentación acreditativa do recoñecemento da explotación agraria, gandeira ou forestal ou licenza de actividade.

En base á documentación presentada o concello realizará as comprobacións oportunas e será ao Pleno da Corporación a quen lle corresponderá a declaración por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Calquera modificación das condicións polas que se obtén o beneficio fiscal deberá ser comunicada ao concello polo suxeito pasivo. O concello comprobará as modificacións e outorgará ao interesado un prazo de audiencia

de dez días. cando a Administración coñeza por outros medios a existencia de modificacións das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

O Pleno da Corporación poderá declarar se procede ou non a continuación da bonificación. A Administración local procederá do mesmo xeito cando teña constancia por calquera outro medio da existencia de modificacións das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

#### **ARTIGO 13. Período Impositivo e Devengo do Imposto**

O período impositivo é o ano natural, devengándose o Imposto o primeiro día do período impositivo.

As declaracións ou modificacións que deban facerse ao Rexistro terán efectividade no devengo do Imposto inmediatamente posterior ao momento en que se produzan efectos catastrais.

#### **ARTIGO 14. Xestión**

A liquidación, recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste Imposto, serán competencia exclusiva deste Concello, realizándose conforme ao disposto nos artigos 76 e 77 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e comprenderán, entre outras, as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos, actuacións para a asistencia e información ao contribuínte referidos ás materias comprendidas neste apartado, fraccionamento da débeda e prazo para o pago voluntario.

#### **ARTIGO 15. Infraccións e Sancións**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas corresponden en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas disposicións que a contemplan e desenvolven.

#### **ARTIGO 16. Revisión**

Compete ao Concello a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste Imposto, de conformidade co Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

As modificacións introducidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou calquera outra norma con rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Esta ordenanza deroga expresamente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre bens inmoables publicada no BOP nº 275 do 30 de novembro de 2019 e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de As Nogais, con data 3 de agosto de 2020, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

As Nogais, 22 de setembro de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Nuñez Díaz.

R. 2219

---

### **PEDRAFITA DO CEBREIRO**

#### *Anuncio*

#### **APROBACION DA MODIFICACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO.**

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2020 adoptou o acordo de modificación do plan económico financeiro .

En cumprimento do previsto nos artigos 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, a aprobación acordada sométese a información pública con publicación de edito no Boletín Oficial da Provincia de Lugo coa finalidade exclusivamente informativa.



O que se fai público para xeral coñecemento.

## **“PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO**

### **INTRODUCCIÓN**

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF), converte o principio de estabilidade orzamentaria na clave da actual concepción financeira das entidades públicas en xeral, reforzándoo con dous principios de novo que son a sostenibilidade financeira e a regra do gasto que consagra a estabilidade orzamentaria como conduta financeira permanente de todas as Administracións Públicas.

A estabilidade orzamentaria defínese como a situación de equilibrio ou superávit estrutural que deben presentar todas as Administracións Públicas e a sostenibilidade financeira como a capacidade para financiar gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública. Así mesmo, avaliarase a regra do gasto aos efectos de que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade (2,7% para o 2019).

Para as Corporacións Locais se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, se o conxunto dos orzamentos e estados financeiros iniciais das entidades clasificadas como administracións públicas que integran a Corporación Local, presentan equilibrio ou superávit, en termos de capacidade de financiamento, de acordo co Sistema Europeo de Contas. O artigo 11.4 da LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes locais sometidos a orzamento obtense por diferenza entre os importes orzamentados e liquidados nos capítulos 1 ao 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 ao 7 do estado de gastos, previa aplicación de axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Na fase de liquidación do orzamento cumprírase o obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado cando o resultado dos capítulos non financeiros do orzamento de ingresos (capítulo I a VII) e gastos (capítulo I a VII) sexa cero ou positivo, aplicando para o seu cálculo os criterios do SEC 95, isto é convertendo o orzamento administrativo nun orzamento en termos de contabilidade nacional. En definitiva a estabilidade enténdese como o equilibrio ou capacidade de financiamento segundo criterios do SEC (Sistema Europeo de Contas).

Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEPSF esixe o cumprimento da Regra de Gasto e o principio de sostenibilidade financeira, referida esta última ao volume de débeda pública e no seu artigo 21 dispón que no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, o obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora deberá formular un plan económico-financiero que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos e da regra de gasto.

### **NORMATIVA REGULADORA**

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas (TRLRHL), en relación co Principio de Estabilidade Orzamentaria (artigo 53.7)

### **ANTECEDENTES**

A liquidación do Orzamento do exercicio 2019, foi aprobada por decreto de presidencia de número 76/2020, do 28 de febreiro de 2020 .

De conformidade cos datos resultantes da liquidación do exercicio 2019, a Secretaría Intervención do Concello de Pedrafita Do Cebreiro, mediante informe, avaliou o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida esta como a posición de equilibrio financeiro, segundo o artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

### **SITUACIÓN ACTUAL**

#### Liquidación Orzamento

<b>LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS</b>	
Créditos orzamentarios iniciais	1.254.685,73

Modificacións orzamentarias (+/-)	+523.254,65
Créditos orzamentarios definitivos	1.777.940,38
Obrigas recoñecidas netas	1.431.469,46
Obrigas pendentes de pagamento	510,00

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	
Previsións iniciais	1.254.685,73
Modificacións (+/-)	523.254,65
Previsións definitivas	1.777.940,38
Dereitos recoñecidos netos	1.306.418,59
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro	517.477,24
Exceso de previsión de ingresos	471.521,79

Gastos		
Cap.	Descrición	Importe
I	1. Gastos de persoal	746.965,14
II	2. Gastos en bens correntes e servizos	294.564,45
III	3. Gastos financeiros	469,37
IV	4. Transfer. Correntes	16.111,02
VI	6. Inversións reais	373.359,48
VII	7. Transfer. de capital	0,00
<b>Total Gastos (1)</b>		<b>1.431.469,46</b>
Ingresos		
Cap.	Descrición	Importe
I	1. Impostos directos	124.372,38
II	2. Impostos indirectos	0,00
III	3. Taxas outros ingresos	113.357,97
IV	4. Transf. Correntes	753.981,04
V	5. Ingresos patrimoniais	6.386,77
VI	6. Enaxen.inversións reais	0,00
VII	7. Transf. de capital	308.320,43
<b>Total Ingresos (2)</b>		<b>1.306.418,59</b>
<b>ESTABILIDADE(+) OU INESTABILIDADE (-) PRESUPOSTARIA SEN AXUSTAR (3)= (2)-(1)</b>		<b>-125.050,87</b>

ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA AXUSTADA		
CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO		2019
1.-	Ingresos non Financeiros (DRN Cap. 1 a 7)	1.306.418,59
2.-	Gastos non Financeiros (ORN Cap. 1 a 7)	1.431.469,46
3.-	Superávit (+) ou déficit (-) non financeiro da Liquidación (1-2)	<b>125.050,87</b>
4.-	Axustes (SEC 95):	+50,645,65
	(-) Axustes Ppto de Gastos	0,00
	(+) Axustes Ppto de Ingresos	+50.645,65
5.-	<b>Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (3+4)</b>	<b>-74,405,22</b>
	En Porcentaxe de ingresos non financeiros (5/1)	<b>-5,70 %</b>

Infórmase que de acordo cos cálculos detallados, ponse de manifesto que na liquidación do orzamento de 2019 non se cumpre co obxectivo da estabilidade orzamentaria, determinando iso a necesidade de elaboración dun Plan Económico- Financeiro en cumprimento do disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

O artigo 23 da LOEPSF refírese á tramitación e seguimento dos plans económicos- financeiros e, no caso das Corporacións Locais, sinala que serán presentados ante o Pleno da Corporación no prazo de **un mes** desde que se constate o incumprimento, debendo ser aprobados polo mesmo no prazo máximo de **dous meses** desde a súa presentación e sen que sa súa posta en marcha non poda exceder de **tres meses** desde a constatación do incumprimento. Así mesmo, de conformidade co dito precepto, aos plans económico- financeiros se lles dará a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

#### CAUSAS

O anterior informe establece como conclusión un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria por parte do Concello de Pedrafita do Cebreiro que se deriva na necesidade de financiamento de **- 125.050,87 € e tras os axustes -74.405,22 €**.

Sen embargo e como se mostrará a continuación, a existencia dese déficit trae a súa causa, na incorporación de remanentes de crédito dun exercicio a outro, financiados a cargo de remanentes de tesourería para gastos con financiamento afectado e no uso remanentes de tesourería para gastos xerais.

O Resultado Orzamentario do exercicio 2019, de acordo coa liquidación aprobada é o seguinte:

	<b>Resultado presup.</b>
1 Dereitos recoñecidos netos (+)	1.306.418,59€
2 Obrigas recoñecidas netas (-)	1.431.469,46€
3 Resultado orzamentario (1-2)	<b>-125.050,87€</b>
4 Desviacións positivas de financiamento (-)	224.417,76€
5 Desviacións negativas de financiamento (+)	289.758,57€
6 Gastos financiados con Remanente líqu. Tesourería (+)	89.539,14€
<b>7 Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6)</b>	<b>29.829,08€</b>

A cifra que arroxa o Resultado Orzamentario do Concello no exercicio 2019 antes de axustes é negativa en 125.050,87 € xa que as obrigas liquidadas foron superiores aos ingresos liquidados no exercicio. A este respecto é preciso indicar, que o Resultado Orzamentario precisou ser axustado, ao producirse Desviacións

Positivas e Negativas anuais de financiamento, é dicir, minorouse nos excesos de financiamento afectado a Remanentes de Crédito ( 224.417,76 €) e incrementado nos excesos de Obrigas Recoñecidas respecto ao financiamento de Recursos Afectados (289.758,57 €) así como ao financiar obrigas recoñecidas con remanente líquido de tesourería (89.539,14 €)

Unha vez practicados todos os Axustes o Resultado Orzamentario presenta un resultado positivo por importe de 29.829,08 €.

O Remanente Líquido de Tesourería Total ascende a 2.312.487,09 €, quedando de Remanente de Tesourería para Gastos Xerais tralos axustes 1.591.883,40 € habéndose calculado conforme ao disposto na normativa vixente.

#### CÁLCULO DE REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERÍA

##### ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERÍA

1. Fondos Líquidos: 1.298.961,98 €
  2. Dereitos Pendentes de Cobro: 1.082.311,04 €
    - + De Orzamento Corrente: 517.477,24€
    - + De Orzamento Cerrados: 553.384,76€
    - + De Outras Operacións Non Orzamentarias: 11.449,04€
    - Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva: 0,00€
  3. Obrigas Pendentes de Pago: 66.254,95€
    - + De Orzamento Corrente: 510,00€
    - + De Orzamento Cerrados: 15.688,62€
    - + De Operacións Non Orzamentarios: 50.056,33€
    - Pagos Pendentes de Aplicación: 0,00
- I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+-2-3): 2.312.487,09€**
- II. Saldo de Dubidoso Cobro: 463.734,59 €
  - III. Exceso de Financiamento Afectado: 224.417,77 €
- IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS(I-II-III): 1.624.334,73€**
- V. Saldo de obrigas pendentes de aplicación: 0,00
  - VI. Saldos de acredores por devolución de ingresos: 32.451,33 €
- VII. REMANENTE DE TESOURERÍA AXUSTADO (IV-V-VI): 1.591.883,40 €**

Como pode observarse da lectura anterior sobre a Liquidación do Orzamento do exercicio 2019, a concello de Pedrafita do Cebreiro obtivo un Resultado Orzamentario axustado positivo de 29.829,08 € e un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 1.591.883,40 €. Ambos resultados moi bos que, en principio, chocan con que o Concello teña unha necesidade de financiamento de 125.050,87 €.

Esta necesidade de financiamento se debe fundamentalmente a que as obrigas recoñecidas netas dos capítulos 1 a 7 do Orzamento de gastos do exercicio, supera aos dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 a 7 do Orzamento de ingresos en 125.050,87 €, que tralos AXUSTES SEC arroxa unha cifra de 74.405,22 €.

Exposto o anterior, ¿por que motivo se, as obrigas recoñecidas netas superan en tanta contía aos dereitos recoñecidos netos, as principais magnitudes orzamentarias arrojan resultados tan positivos?. A resposta a esta pregunta a atopamos na execución de proxectos con financiamento afectado e ao financiamento de obrigas recoñecidas con remanente líquido de tesourería. Se se observa o cadro do Resultado Orzamentario, as desviacións de financiamento negativas do exercicio ascenden a 289.758,57 €, isto implica que en 2019 executáronse gastos correspondentes a proxectos cuxo financiamento procede do exterior (subvencións) por este importe, mentres que o ingreso vinculado a estes gastos se recibiu no exercicio anterior ou se recibirá no exercicio posterior. Esta cantidade, de conformidade coa normativa contable e orzamentaria, ha de sumarse ao Resultado Orzamentario do exercicio como axuste. En adición, esta cantidade implica que se recoñezan máis obrigas (gastos) que dereitos (ingresos), posto que o ingreso asociado ao gasto do proxecto xa se recoñeceu en exercicios pasados ou en posteriores. Mentres que as desviacións de financiamento positivas do exercicio ascenderon a 224.417,76 Euros, cantidade que ha de restarse o Resultado Orzamentario do exercicio como axuste, dita cantidade implica que se recoñezan menos obrigas (gastos) que dereitos (ingresos), xa que o ingreso asociado ao gasto do proxecto se recoñeceu no presente exercicio mentres que os gastos se van a realizar en exercicios posteriores, debido a notificación da concesión de diversas subvencións o final do exercicio así como outras cuxa duración non permite a execución das mesmas dentro dun so exercicio, non habendo tempo material para a execución das mesmas. Así mesmo, tramitáronse expedientes de Modificacións

orzamentarias, na modalidade de Créditos Extraordinarios financiados con remanente líquido de tesourería por importe de 89.539,14 €.

De esta maneira en 2019, fíxose necesario dotar ao orzamento en vigor de aqueles créditos aos que estaban destinados as subvencións concedidas en exercicios anteriores, cuxa execución se ía a levar a cabo durante este exercicio corrente, sendo necesaria a tramitación dos oportunos expedientes de modificación de créditos na súa modalidade de incorporación de remanentes, tal e como se dispón no artigo 182 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de Facendas Locais e no artigo 47 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril.

A incorporación de remanentes de crédito dun exercicio a outro se pode financiar, de conformidade co establecido no artigo 48 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, preferentemente, por excesos de financiamento e por compromisos firmes de aportación afectados aos remanentes que se pretenden incorporar. Ademais, esta incorporación ten carácter obrigatorio ao amparo do contido no parágrafo quinto do artigo 47, que prescribe que os remanentes de créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados, deberán incorporarse obrigatoriamente.

Ditos ingresos, cuxo destino vai a ser financiar gastos derivados dos capítulos 1 e 6 principalmente, é dicir gastos non financeiros, tiveron a súa entrada no orzamento a través das aplicacións orzamentarias 87010 (Incorporación de Remanentes de créditos para gastos afectados) e 87000( Incorporación de Remanentes de crédito para gastos xerais). Ditos ingresos teñen a consideración de ingresos financeiros, e posto que están financiando gastos de natureza non financeira, xeran déficit, e por tanto, necesidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria.

Así mesmo, tramitáronse expedientes de modificacións orzamentarias na modalidade de Créditos Extraordinarios por importe de 89.539,14 euros financiado con remanente líquido de tesourería que ao igual que co dito anteriormente se destinaron a gastos do capítulo 1 e 6 ( gastos non financeiros) e sen embargo os recursos cos que se financian son non financeiros xerando déficit.

Altas en concepto de Ingresos

Concepto	Descrición	Euros
87010	Incorporación Remanentes de Crédito para Gastos Afectados	288.676,87
87000	Incorporación Remanentes de Crédito para Gastos Xerais.	33.386,08

Efectivamente, a inestabilidade que arroxa a liquidación do orzamento 2019 obedece á contabilización desa incorporación de remanentes que, computándose no capítulo VIII de ingresos, e habendo dado lugar ao recoñecemento de obrigas nos capítulos I e VI de gastos, xerou unha necesidade de financiamento no exercicio debido ao método establecido legalmente para determinar a necesidade ou capacidade de financiamento das Entidades Locais, que só ten en consideración os capítulos I ao VII dos estados de gastos e ingresos.

En definitiva, por tanto, non se trata dun déficit real de financiamento no exercicio 2019, xa que a súa causa ven dada exclusivamente por razón do procedemento de cálculo aplicado para avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que difire do tratamento esixido pola normativa contable tal e como se detallou con anterioridade.

Se Analizamos a aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio 2018 na cal se reflicte un resultado orzamentario antes de axustes de 76.067,78 euros, e tendo en conta os axustes o resultado e de 94.414,07 euros, cumprindo co obxectivo da estabilidade orzamentaria (Superávit). Fronte a este exceso de estabilidade do exercicio 2018, na liquidación do Orzamento do exercicio 2019 temos un déficit de 125.050,87 euros antes de axustes, diminuindo este despois de axustes a 74.405,22 euros.

Se facemos unha análise en conxunto da liquidación do Orzamento dos exercicios 2018 e 2019 observamos que o resultado orzamentario global antes de axustes seria negativo por importe de 48.983,09 euros, e unha vez realizados os axustes correspondentes o resultado seria positivo e o importe de dito Superávit ascendería 20.008,85 Euros. Polo que dende unha visión no conxunto dos dous exercicios dita entidade CUMPRE o obxectivo de estabilidade orzamentario (superávit).

### LIÑAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN

O obxectivo deste Plan Económico Financeiro responde ao establecido na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, en orde á corrección das situacións de desequilibrio posta de manifesto como consecuencia da Liquidación correspondente ao exercicio 2019.

Neste caso o Concello recuperaríase o obxectivo da estabilidade orzamentaria nun ano, incumprido pola utilización do remanente de tesourería, coas liñas de actuación que enmarcan a aprobación do orzamento do exercicio 2020, en situación de equilibrio orzamentario dentro do límite de variación do gasto computable.

**ORZAMENTO 2020****ESTADO DE GASTOS:**

<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
1	Gastos de persoal .....	799.433,27
2	Gastos en bens correntes e servizos	281.511,45
3	Gastos financeiros	500,00
4	Transferencias correntes	16.410,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>1.097.854,72</b>
6	Inversións reais	191.769,56
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>191.769,56</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1.289.624,28</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
1	Impostos directos	154.412,22
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	119.430,00
4	Transferencias correntes	837.920,45
5	Ingresos patrimoniais	6.796,40
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>1.118.559,07</b>
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	171.065,21
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>171.065,21</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>		<b>1.289.624,28</b>

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes locais sometidos a orzamento se obtén por diferenza entre os importes orzamentados e liquidados nos capítulos 1 ao 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 ao 7 do estado de gastos, previa aplicación de axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

## CALCULO ESTIMADO LIQUIDACIÓN 2020

ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA AXUSTADA		
CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO		2020
1.-	Ingresos non Financeiros (DRN Cap. 1 a 7)	1.118.559,07
2.-	Gastos non Financeiros (ORN Cap. 1 a 7)	1.097.854,72
3.-	Superávit (+) ou déficit (-) non financeiro da Liquidación (1-2)	20.704,35
4.-	Axustes (SEC 95):	0,00
	(-) Axustes Ppto de Gastos	0,00
	(+) Axustes Ppto de Ingresos	0,00
5.-	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (3+4)	20.704,35
	En Porcentaxe de ingresos non financeiros (5/1)	1,85 %

Se informa que de acordo cos cálculos detallados, se cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

## CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE E REGRA DO GASTO

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE		
Liquidación 2019		
Obrigas Recoñecidas		
	Suma de Gastos no Financeiros (Cap 1 a 7):	1.431.000,09
	(-) Intereses da débeda computados en capítulo 3 de gastos financeiros	0,00 €
1	Empregos non Financeiros (Cap 1 a 7)- Intereses da débeda:	1.431.000,09
2	(+/-) Ajustes según SEC	0,00 €
3	(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedente doutras AAPP´s	743.170,72
4	(-) Pagos por transferencias e outras operacións internas a outras entidades que integran a Corporación Local	0,00
	(a) Total Gasto Computable(a=1+/-2-3-4)	687.829,37
	(b)Taxa de referencia de crecemento do PIB para o ano 2019	2,90%
	(c ) Gasto computable incrementado pola taxa de referencia (a*(1+b))	707.776,42
5	(+) Cambios Normativos que supoñan incrementos permanentes da recadación (Potestativo) Art 12.4 LOEPSF	0,00 €
6	(-) Cambios Normativos que supoñan decrementos permanentes da recadación (Obrigatorio)Art 12.4 LOEPSF	0,00 €
	(d) LIMITE DE LA REGLA DE GASTO (c+5-6)	707.776,42

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE		
Liquidación 2020		
Obrigas Recoñecidas		
	Gastos no Financeiros (Cap. 1 a 7):	1.097.854,72
	(-) Intereses da débeda computados en capítulo 3 de gastos financeiros	0,00 €
7	Empregos non Financeiros (Cap. 1 a 7)- Intereses da débeda :	1.097.854,72
8	(+/-) Axustes segundo SEC	0,00 €
9	(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedente doutras AAPP´s	390.154,72
10	(-) Pagos por transferencias e outras operacións internas a outras entidades que integran a Corporación Local	0,00
<b>(e) Total Gasto Computable(e=7+8-9-10)</b>		<b>707.700,00</b>
	<b>(f) Cumprimento/Incumprimento Regra de Gasto (d &gt;= e)</b>	<b>CUMPRE</b>
	<b>(g) Porcentaxe de Variación Gasto Computable 2019 e 2020 ((e/a)-1) antes de aplicar a taxa de referencia de crecemento do PIB e os cambios normativos</b>	<b>-0,03%</b>
	<b>(h)LIMITE DO GASTO NON FINANCEIRO (TECHO DE GASTO): (h=d+11+12)</b>	<b>1.097.931,14</b>
	(d) Limite da Regra de Gasto	707.776,42
11	(+) Intereses de la débeda (ano 2019)	0,00 €
12	(+) Gastos financiados con fondos finalistas procedentes doutras AAPP´s (ano 2020)	390.154,72

O obxectivo da regra de gasto non é outro que limitar o crecemento do gasto público establecendo un tope de aumento máximo en función do crecemento da economía española, tomando como taxa de referencia o crecemento do Produto Interior Bruto, situado en 2,9 para o exercicio 2020. Os gastos dos capítulos 1 a 7 do orzamento do ano 2020, excluídos os intereses da débeda e os gastos financiados con fondos finalistas ou afectados, non poderán aumentar por encima do 2,9% respecto á Liquidación do Orzamento do ano 2019. Cúmprese a regra do gasto.

No exercicio 2020 o Concello mantería o obxectivo da estabilidade orzamentaria, incumprido no exercicio 2019 pola utilización do remanente de tesourería, coas liñas de actuación que enmarcan a aprobación do orzamento do exercicio 2020, en situación de equilibrio orzamentario dentro do límite de variación do gasto computable.

#### PREVISIÓN DE ORZAMENTO 2021

##### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	799.433,27
2	Gastos en bens correntes e servizos	281.511,45
3	Gastos financeiros	500,00
4	Transferencias correntes	16.410,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.097.854,72



6	Inversións reais	191.769,56
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		191.769,56
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1.289.624,28</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	154.412,22
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	119.430,00
4	Transferencias correntes	837.920,45
5	Ingresos patrimoniais	6.796,40
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.118.559,07
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	171.065,21
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		171.065,21
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>		<b>1.289.624,28</b>

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes locais sometidos a orzamento se obtén por diferenza entre os importes orzamentados e liquidados nos capítulos 1 ao 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 ao 7 do estado de gastos, previa aplicación de axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

**CALCULO ESTIMADO LIQUIDACIÓN 2021**

ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA AXUSTADA		
CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO		2021
1.-	Ingresos non Financeiros (DRN Cap. 1 a 7)	1.118.559,07
2.-	Gastos non Financeiros (ORN Cap. 1 a 7)	1.097.854,72
3.-	Superávit (+) ou déficit (-) non financeiro da Liquidación (1-2)	<b>20.704,35</b>
4.-	Axustes (SEC 95):	0,00

	(-) Axustes Ppto de Gastos	0,00
	(+) Axustes Ppto de Ingresos	0,00
<b>5.-</b>	<b>Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (3+4)</b>	<b>20.704,35</b>
	En Porcentaxe de ingresos non financeiros (5/1)	<b>1,85 %</b>

Se informa que de acordo cos cálculos detallados, se cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

#### CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE E REGRA DO GASTO

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE		
Liquidación 2020		
Obrigas Recoñecidas		
	Suma de Gastos no Financeiros (Cap 1 a 7):	1.097.854,72
	(-) Intereses da débeda computados en capítulo 3 de gastos financeiros	0,00 €
1	Empregos non Financeiros (Cap 1 a 7)- Intereses da débeda:	1.097.854,72
2	(+/-) Ajustes según SEC	0,00 €
3	(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedente doutras AAPP´s	390.154,72
4	(-) Pagos por transferencias e outras operacións internas a outras entidades que integran a Corporación Local	0,00
	(a) Total Gasto Computable(a=1+/-2-3-4)	707.700,00
	(b)Taxa de referencia de crecemento do PIB para o ano 2020	3,0%
	(c ) Gasto computable incrementado pola taxa de referencia (a*(1+b))	728.931,00
5	(+) Cambios Normativos que supoñan incrementos permanentes da recadación (Potestativo) Art 12.4 LOEPSF	0,00 €
6	(-) Cambios Normativos que supoñan decrementos permanentes da recadación (Obrigatorio)Art 12.4 LOEPSF	0,00 €
	(d) LIMITE DE LA REGLA DE GASTO (c+5-6)	728.931,00

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE		
Liquidación 2021		
Obrigas Recoñecidas		
	Gastos no Financeiros (Cap. 1 a 7):	1.097.854,72
	(-) Intereses da débeda computados en capítulo 3 de gastos financeiros	0,00 €
7	Empregos non Financeiros (Cap. 1 a 7)- Intereses da débeda :	1.097.854,72
8	(+/-) Axustes segundo SEC	0,00 €
9	(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedente doutras AAPP´s	368.954,72

10	(-) Pagos por transferencias e outras operacións internas a outras entidades que integran a Corporación Local	0,00
	(e) Total Gasto Computable(e=7+8-9-10)	728.900,00
	(f) Cumprimento/Incumprimento Regra de Gasto (d >= e)	CUMPRE
	(g) Porcentaxe de Variación Gasto Computable 2019 e 2020 ((e/a)-1) antes de aplicar a taxa de referencia de crecemento do PIB e os cambios normativos	-0,03%
	(h)LIMITE DO GASTO NON FINANCEIRO (TECHO DE GASTO): (h=d+11+12)	1.097.885,72
	(d) Limite da Regra de Gasto	728.931,00
11	(+) Intereses de la débeda (ano 2020)	0,00 €
12	(+) Gastos financiados con fondos finalistas procedentes doutras AAPP's (ano 2021)	368.954,72

O obxectivo da regra de gasto non é outro que limitar o crecemento do gasto público establecendo un tope de aumento máximo en función do crecemento da economía española, tomando como taxa de referencia o crecemento do Produto Interior Bruto, situado en 3,00% para o exercicio 2021. Os gastos dos capítulos 1 a 7 do orzamento do ano 2021, excluídos os intereses da débeda e os gastos financiados con fondos finalistas ou afectados, non poderán aumentar por encima do 3,00 % respecto á Liquidación do Orzamento do ano 2020. Cúmprese a regra do gasto.

#### MEDIDAS DE CORRECCIÓN DA SITUACIÓN DE INESTABILIDADE ORZAMENTARIA

As circunstancias que deron lugar a que a liquidación do orzamento do exercicio 2019 do Concello de Pedrafita do Cebreiro se aprobe incumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria quedaron xa analizadas nun punto anterior do presente Plan, de forma que quedou constatado que dito incumprimento se explica pola existencia en 2018 de diversos proxectos con financiamento afectado que implicaron unha incorporación de remanentes en 2019 por un importe total de 322.062,95 Euros, dos cales 288.676,87 teñen un financiamento con cargo o remanente de Tesourería para gastos afectados e 33.386,08 son financiados con cargo o remanente de Tesourería para gastos xerais, cantidade moi excesiva con respecto aos orzamentos anuais aprobados polo Concello. Así mesmo no presente ano houbo proxectos que se financiaron con remanente de tesourería para gastos xerais.

A primeira consideración sobre as medidas a aprobar parte da imposibilidade de admitirse, como medida do plan para corrixir o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a non utilización do remanente de tesourería de carácter afectado, pola xa citada obriga legal da súa utilización (artigo 47 Real Decreto 500/1990 y artigo 182.3 TRLRHL) ou o remanente de tesourería para gastos xerais xa que é un aforro da entidade a cal carece de préstamos que puideran xustificar este destino preferente.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación do obxectivo de estabilidade orzamentaria incumprido pola utilización do remanente de tesourería se lograría coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería no ámbito da Administración Local.

Neste contexto, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, elaborou este plan económico financeiro no que se expón a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e recolleu no mesmo, o Orzamento aprobado para o exercicio 2020 no Pleno celebrado o 13.12.2019 en situación de equilibrio orzamentario e en cumprimento da regra do gasto, así mesmo, a previsión do Orzamento para o exercicio 2021 tamén se elaborou en situación de equilibrio orzamentario e en cumprimento da regra do gasto.

No relativo a estabilidade, durante os vindeiros exercicios tentarase equiparar no tempo a execución das inversións e dos servizos, que sexan financiados externamente, e dicir a través de subvencións finalistas, coa súa efectiva concesión e cobro, para evitar no posible as desviacións de financiación e a incorporación de remanentes de créditos dun exercicio a outro, financiados con cargo a remanentes de tesourería para gastos con financiación afectada."

Pedrafita do Cebreiro, 21 de setembro de 2020.- O Alcalde, Asdo: José Luís Raposo Magdalena.

R. 2220

## O VICEDO

### *Anuncio*

Por Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o pasado 17 de setembro de 2020, prestouse aprobación ós padróns que abaixo se relacionan, todos correspondentes ó 1º semestre de 2020, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se produza a notificación.

As liquidacións non pagadas en período voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aplicaranse as recargas correspondentes, así como os demais gastos e custes que procedan ata o día do ingreso da débeda tributaria correspondente (artigo 28 da Lei 58/2003,)

No suposto do canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003.

O Vicedo, 21 de setembro de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2221